


Unha breve autobiografía



Nacín en Roás (Terra Cha de Lugo) o 19 de abril de 1952. Son fillo de labradores pobres. A xente máis vella da miña familia, tanto da paterna coma da materna, pertenceu á Frente Popular, ...; desde o 1968 milito, mellor ou peor, na esquerda nacionalista ...

Cursei o Bacharelato en Lugo; en 1970 marchei para Vigo, onde vivín cinco anos, traballando con Xosé María Álvarez Blázquez nas Edicións Castrelos... Os outros meus grandes mestres foron e son Manuel María e Méndez Ferrín.

En 1974 casei cunha rapaza de Bueu... Temos unha filla... e un fillo...

En 1975 volví para Lugo, onde botei catro anos traballando como vendedor de libros a domicilio. En 1978 fun liberado pola Central sindical nacionalista... En 1983 tíven que marchar para Corcubión (Costa da Morte), onde botei cerca de catro anos como garda municipal. Despois... volví para Lugo como funcionario deste concello, nun posto diferente... Teño colaborado bastante en prensa, ...

Durante moitos anos publiqué case exclusivamente poesía. A partir de 1984 dediqueime intensamente á tradución de poetas italianos ... Pola de *A Divina Comedia* fun galardoado co Premio Otero Pedrayo en Galicia; e o Concello de Florencia outorgoume a súa Medalla de Ouro, ... A tradución da *Vida nova* recibiu o premio Ramón Cabanillas... Ocasionalmente teño traducido tamén poemas franceses e cataláns, e recentemente publiqué unha versión de *Os Tres Mosqueteiros*...

A partir de 1989 publiqué principalmente narrativa, con certo éxito de crítica, e principalmente de público; a novela *Galván en Saor* vai..., con máis de 40.000 exemplares vendidos. No entanto, ..., *O cervo na torre* e *Morte de rei*, ... ao meu parecer son as mellores.

[23 de maio de 2002]

Outras obras narrativas: *Fortunato de Trasmundi* (1990), *Libro dos moradores* (1990), *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro* (1992), *Vidas senlleiras* (1992)...

http://bvq.udc.es/ficha_autor.jsp?id=DarCaban&alias=Dar%EDo+Xoh%E1n+Cabana&solapa=biografia

http://gl.wikipedia.org/wiki/Dar%C3%ADDo_Xoh%C3%A1n_Cabana

A materia da Bretaña na cultura popular galega

Salientar a relevancia que acadou a *Lenda do Santo Graal*, relacionada con numerosos santuarios eucarísticos galegos, especialmente co do Cebreiro. O Santo Graal é a Bandeira Galega histórica, actualmente Escudo Nacional.

A imaxe do *Rei Artur* continúa presente nas lendas da Lagoa de Antela, segundo as cales o Rei xace aló somerxido, acompañado polos seus cabaleiros, encantados baixo forma de insectos, esperando o día que Artur esperte do seu sono.

Do druída *Merlín* pervive unha máis vaga presenza. Tres parroquias reciben o seu nome. Consérvase un dito popular moi significativo "*Sabes máis que Merlín*".

<http://www.pangalaica.com/britonia/contos/bretanha.htm>

5 suxestións de... Novela e Poesía

Merlín e familia de Á. Cunqueiro
Na noite estrelecida, de R. Cabanillas
O cabaleiro da carreta de Ch. de Troyes
La muerte de Arturo de Thomas Malory
El Príncipe Valiente de Harold Foster

suxestións de... cine

Excalibur de John Boorman
El Príncipe Valiente de Henry Hathaway
Camelot de Joshua Logan
Tristán e Isolda de Kevin Reynolds
Los Caballeros del Rey Arturo de Richard Thorpe

suxestións de... música

Parsifal de Richard Wagner
Banda sonora de Excalibur de Trevor Jones, Carl Orff e Richard Wagner

suxestións de... Banda deseñada



Suxestións sobre Galván en Saor

O señor Galván, príncipe das terras do norte, compañeiro de Artur nos reinos da Bretaña, viaxa máis alá da xeografía e do tempo e, como aquel Merlín de Cunqueiro, aparece entre nós, pois é acaso o destino de todos aqueles señores e cabaleiros do Graal e das antigas fazañas. Novela de humor e de amor, de aventuras e de tenrura, homenaxe aos antigos mestres da narrativa cabaleiresca e medieval que o autor tan ben coñece, tradutor de Dante 'A divina comedia' e de Petrarca 'Cancioneiro' entre outros textos. A palabra na súa medida xusta, o idioma en todo o seu frescor e galanura, a imaxe lírica ben medida para que non apague a historia senón que a potencie e enleve. Estas son as artes e as sabedorías de Dario Xohán Cabana.

<http://oalumnadosuxire.blogspot.com/2010/11/galvan-en-saor.html>

Galván é sobriño do Rei Artur, e tamén é moteiro estranxeiro en Galiza. Galván chega á pousada de Inés e Masito na busca de Merlín, que rexenta unha empresa de autobuses e está por se retirar pola parte de Mondoñedo, logo de ter sido o máis grande de todos os magos. Galván para na pousada de Silvia, que tamén é Silvanía, a afillada dun anano e señora dun castelo asediado por sete cabaleiros de cores. Ou talvez non. Galván vén buscar a Saor o repouso e alento para afrontar o seu destino, ao que non se apón. Galván resignase ao seu sino sen facer ren por cambialo no ideal antigo da vella cabalaría. E Galván, finalmente, foi onde seu tío, Rei Artur, a combater a Mordred, caendo na batalla. Ou non, porque a Saor foi parar unha aguija imponente que para onde Galván parara e voa por onde Galván correra na súa moto. Ou era cabalgara no seu palafreñ de batalla?

<http://cartafoldomando.blogaliza.org/2010/06/25/galvan-en-saor/>

A materia da Bretaña na literatura galega

Textos conservados na literatura medieval galego-portuguesa, e que desenvolven as lendas en torno ao *Rei Artur* e os *cabaleiros da Táboa Redonda*:

Copias do *Xosé de Arimatea* e da *Demanda do Santo Graal*, un fragmento do *Livro de Merlín* (inicios do XIV). Outro fragmento do *Livro de Tristan* (finais do XIV). Seis páxinas do texto orixinal (elaborado na primeira metade do século XIV) da *Suite de Merlín*.

Algúns textos líricos (*lais* e referencias noutras cantigas).

Literatura contemporánea:

Cómpre destacar: *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas; *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro; *Percival e outras historias* e *Amor de Artur*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; *Galván en Saor*, de Dario Xohán Cabana; ou *Irmán Rei Artur*, de Carlos G. Reitgosa

http://gl.wikipedia.org/wiki/Materia_de_Breta%C3%B1a

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Mangue]

A marela tarabela

Nº 14

Xaneiro-2012

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

Galván en Saor

Galván en Saor (1990) de Dario Xohán Cabana é un dos libros ao que sempre volvemos.

Trátase dunha novela que a través dun dobre plano temporal nos mergulla no mundo mítico da *Materia da Bretaña*, centrándose nas aventuras galaicas de Galván, en reflexións sobre a lenda do Graal, sobre o Merlín e describindo con realismo a batalla que pon fin a lenda do rei Artur. A historia xira arredor do personaxe do cabaleiro Galván e da súa estada en Galicia. As alusións ao *Merlín e familia* de Álvaro

Cunqueiro son claras, ao igual que á *Morte do rei Artur* de Thomas Malory. O Graal mesmo pode ser o do Cebreiro de *Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas.

O pouso ideolóxico tamén se deixa querer a través da alusión á nación celta galega ou ao histórico reino independente de Galicia, na persoa de Don García. Personaxe clave da posterior novela de Dario Xohán Cabana *Morte de rei* (1996).



Esta guía

Esta guía non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas. Con ela só queremos facer unha serie de suxestións

(prescindíbeis) para que o texto se converta nun pretexto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus ecos na memoria...

Guía de lectura [nº 5]
Galván en Saor de Dario Xohán Cabana



Galván en Saor: suxestións de lectura

A taberna de Inés

[...] -Señor... Pois aínda que fala moi ben a nosa lingua non parece da nosa mesma nación.

-E non son dela..., senón doutra terra de ben lonxe,... que se chama Bretaña [...]. Todos os meus amigos deron en tolemia e botáronse aos camiños buscando unha cousa máxica,...

-Para uns é caldeiro, para outros é copa, para outros unha gran pedra preciosa caída do...

-Eu chámome Galván, e son sobriño do rei Artur.



Propostas: Galván ou Gauvain, é o protagonista da novela. Que sabes deste personaxe lendario? Fálase da demanda do Santo Graal, como “cousa máxica”. Que lendas ou mitos cristiáns coñeces ao respecto? Consideras o Graal un instrumento ideolóxico ao servizo do poder?

Merlín en Lobar

... vostede sabe en que sitio podo encontrar un transportista de viaxeiros que se chama Merlín...

...e por que te disimulas de transportista, ti que es dono das forzas ocultas do mundo.

... aínda estou pensando en retirarme a maior soidade, ... en terras de Miranda...

... ás veces voume uns días, disfrázome de mozo prestidixitador, e fágome chamar Antón,...



Propostas: Merlín é nos presentado desde unha perspectiva cunquieiriana. En que novela Álvaro Cunqueiro nos presenta a este Merlín decadente? O intento por parte de Merlín de retomar o pasado vén da man do mago Antón. Quen é este mago?

Galván en Saor

... A carón del estaba arrimada ao penedo unha moto negra e grande, marca Peugeot ...

... montou na motocicleta e deulle ao pedal. O motor bruuu poderoso...

Sentiu un berro de lonxe e meteu esporas ao cabalo...



Proposta: As aventuras galaicas de Galván sonnos presentadas dun xeito hábil, o autor mergúllanos na estética cabaleiresca medieval a través da ruptura temporal. Como é tal ruptura?

O castelo de Mirez

[...] -Este bo cabaleiro que aquí ves, filla de meu, libroume hoxe...

Era Silvania alta de corpo e ben plantada e airosa...

-Pensei que o sol saíra xa un pouco, miña señora, porque ben vin que o ceo clarexaba algo. Máis é agora cando vén o verdadeiro día, e decátome xa de que non era o sol, senón un pálido retrato de vós, aquilo que eu vin asomar por riba do horizonte. [...]

Proposta: Galván amosa, sutilmente, o espírito cabaleiresco da teoría do amor cortés, como? En que consiste tal teoría?



A balada francesa

[...] Silvania acendeu lume na lareira... e señor Galván acercouse a un laúde... Esta foi a balada á maneira de Francia que cantou ...

Se algunha vez, señora, che prouguera...

[...] Saíu Silvania da estancia, e señor Galván espíuse e deitouse no seu leito...

-Doce amigo, non podía durmir no meu leito frío, e veño a ti de noite como ladroa...

Propostas: Galván móstrase como un consumado xograr, pero que tipo de cantiga interpreta? Que estado de relación acada Galván en relación con Silvania?

O castelo da Lama

-Érguete, doce amiga -dixo Galván-, que xa vén o día, e pódeme vir buscar o señor Vedromil e encontrarte aquí xunta min. [...]

..., e cubriuse cun sombreiro verde no que pediu a Silvania que lle cosera fitas de cores, case en guisa de xograr. [...] ... divisaron ao lonxe o castelo da Lama...

[...] Temperou señor Galván o laúde e cantou unha cantiga de maldizer... [...]

-Eu chámome Galván e son cabaleiro de armas, aínda que vaia disfrázado de xograr...

Propostas: De que maneira se insire na historia o motivo da alba? Que representan as fitas de cores? Que papel xogaban no mundo medieval as cantigas de maldicir?

A batalla de Mirez

[...] -Señores e donas de meu... O país de Saor sufríu longamente unha inxusta opresión, e este día é o seu último día e o primeiro da liberdade... [...]

Xa se trabara o combate entre gritos de furia e de horror...



Proposta: O valor como garante da loita pola liberdade, mais como cres que era realmente a liberdade na sociedade medieval?

Unha fábula de animais

[...] Contemplou Galván a asemblea, e ben viu que os rostros colorados de viño subscribían cantas palabras se dixeran...

“Sabede que había unha vez, hai moito tempo e moi lonxe, un país ao que chegaron os tigres...” [...]

Proposta: Como relacionas a fábula contada por Galván cos acontecementos narrados? Que ensino moral de carácter instrutivo nos deixa?

Galván por Demonte

Chovía seguido, de día e de noite, e cando escampaba, unha néboa pingona mollaba igual todas as cousas do mundo...

Proposta: O clima, a paisaxe, as xentes como contribución ao sentimento étnico. Que supón isto desde o punto de vista cultural, mesmo ideolóxico?

O camiño do Sur

[...] -Sinto que se acaba o tempo, doce amiga, e axiña terei que deixar o teu país... Mais antes quixera ir ao Sur, ...

-E cámbiasme por un camiño, cabaleiro, e aínda afirmas amarme? Non pensas mal amorado que eu fico senlleira e sen esperanza?... ¡Aí mal cabaleiro e mal home e mal namorado!... [...]

Proposta: Galván é cualificado de “mal amorado” por Silvania que lle amosa o seu desacougo. Como interpretas a actitude de Galván?

[...] Chegaron á pequena e misérrima aldea... Algunhas casas..., dentro da súa pobreza, amosaban que os seus moradores as lañaran con moito coidado e as teitaran de palla ou xestas novas. Os currais cerrábanse con cancelas...

Proposta: A cultura agraria, como é lóxico, está presente ao longo de toda a novela. Como se reflicte na mesma dita cultura? E hoxe, como a percibes?

A pousada de Galiana

[...] ...Sabede que a miña dona é Silvania do castelo de Mirez de Saor, e que a min me chaman Galván e son da Bretaña Maior.



-Paréceme, señor, que nesa Bretaña que dicides hai un rei chamado Artur Pendragón, do que se contan historias...

“... hai xa varios anos que as cousas van mal en Bretaña. A esposa do rei... anda moi encaprichada cun cabaleiro francés... O rei anda triste... Deixou de atender os consellos de Merlín, que... se foi...” [...]

-Nós temos oído dicir -dixo Galiana- que rei Artur non morrerá e que ha de estar...oculto... (ou) á vista de todos en figura de corvo...

-Iso é unha boa inventada..., como esoutra que din por aí de que o rei Gaciar anda polos montes convertido en cervo... [...]

Propostas: Con que illa identificas a Bretaña Maior? Que coñeces da historia de Artur Pendragón? Na novela tamén se fai alusión a outros cabaleiros da Táboa redonda, que sabes deles? Que recordas da lenda de Tristán? Que significado para a historia de Galicia o rei García (Gaciar)?

O val da primavera

[...] Levantáronse Galván e Silvania, nos ambos os dous, sen pensar en vestirse...

-Doce amigo, atopamos o paraíso no noso camiño. Por que non podemos quedar? Renuncia á viaxe, Galván, renuncia ao regreso, e fiquemos aquí. Ningún anxo nos bota.



Proposta: O val da primavera como a fraga de Brocéliande da materia artúrica. Coidas que é unha adaptación do edén bíblico?

A montaña do Grial

... Pouco faltaba para o cume. Galván distinguiu alá arriba unha porta metálica, ...

Galván viu que a luz se avivaba sobre o altar, e facíase tan forte que mancaba os seus ollos afeitos ao sol. Viu que do cume apuntado da estancia baixaba lentamente unha pedra...

Proposta: Galván ten unha visión mítica ou mística? Como interpretas a mesma?

La mort Gauvain

[...] Polos camiños britanos van dez mil homes. Rei Artur cabalga dediante... Á súa destra cabalga Galván... [...]

-Que queres, Mordrez, fillo das miñas entrañas e da miña loucura?

-Quero o teu reino por forza, ou a metade do teu reino e en paz. [...]

Chocan os escuadróns con horrisono estrondo... O sol está alto, e aclárase e brilla na folla prezada de Escalibor...

Crávase unha azcuna nas costas de Galván, que cae do cabalo... A lanza de Mordrez atravesou o corpo de seu pai, mais o rei non para e continua avanzando e espetándose... Agarra a súa espada ás dúas mans e atravesou a Mordrez. Tira Artur pola espada, e Mordrez segue aínda de pé, termando da lanza. ... Mordrez derrúbase morto, e cae rei Artur coa vida agarrada nos dentes...



Galván agoniza ao carón do carballo.... Dunha póla do carballo levántase un gallardo falcón que revoa sobre da chaira cuberta de mortos, ... e sae cara ao Sur

Propostas: A autor recreanos a mítica derradeira batalla de Artur con áxil realismo. Por que con anterioridade no capítulo “O camiño do Sur” o autor pon en boca de Galván estas palabras: combatín cabo del na derradeira batalla? Que simboliza a espada Excalibur?

O voo do falcón

... O paxaro revoaba moi alto o campo da feira, ...

-Leva todo o día dando voltas...



A Silvia estaba detrás do mostrador da taberna...

Era xa noite pecha. Levantouse e subiu ao sobrado... Entrou no cuarto... Prendeu a luz da mesiña de noite.

Unha cabeleira negra enquetada de prata derramábase sobre a nevada brancura do cabezal. Os ollos de Galván mirábana con amor inmortal.

Propostas: Que paralelismo podemos establecer entre Silvia e Silvania? Como explicas a presenza do falcón? Dos catro núcleos orixinarios da materia da Bretaña, cales están presentes na novela? A novela semella un crebacabezas. Encaixa as pezas.

Imaxes: [Cantigas de Santa María](#), Google / Wikipedia